



INTERVENCIÓN DA PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA NA XXXI EDICIÓN DA FESTA DO GAITEIRO

Soutelo de Montes, Forcarei, 21 de agosto de 2010

Señor alcalde de Forcarei,
Autoridades e representacións,
gaiteiras e gaiteiros,
Amigas e amigos:

Comentou Carlos Núñez, en certa ocasión, que Avelino Cachafeiro era *“o mellor da nosa caste”*. Evidentemente, referíase á caste dos gaiteiros.

Falar de Avelino, e tamén do grupo familiar que el fundou, os Gaiteiros de Soutelo, é falar dunha época na que os gaiteiros eran pouco menos que os deuses do seu tempo. A festa que podía contar cos Gaiteiros de Soutelo era unha celebración que tiña o éxito asegurado.

Hoxe, mercé o labor e á alma de xente coma Carlos Núñez, Budiño, Pepe Vaamonde, Edelmiro Fernández, Cristina Pato, Susana Seivane, ou Dani Bellón, por citar só a algúns, volven ter o seu Olimpo na terra, na nosa terra, terra de gaiteiros dunha calidade excepcional.

E permítanme tamén un recordo para os estudosos da gaita e para os integrantes dos diferentes grupos musicais que inclúen a gaita nas súas composicións, e que contribuíron e contribúen tamén á difusión e recoñecemento da música galega, dentro e fóra das nosas fronteiras.

Estamos, pois, aquí, para venerar e honrar a memoria deste home que foi o mellor embaixador da Gaita que Galicia tivo

nos primeiros anos do século XX e, por extensión, para honrar tamén a figura de todos os gaiteros e gaiteras que en Galicia demostran actualmente o seu talento e se esforzan para manter vivo o ronsel da figura de Avelino e de cantos, coma el, fixeron da gaita un símbolo, un emblema de Galicia, onte, hoxe e sempre.

Por fortuna, a música, e se é de gaita mellor aínda, foi desde sempre un elemento de concordia entre as persoas. Concordia que aspiro a alimentar, cada día, desde o Parlamento de Galicia, institución que me honro en representar e que arela, a cotío, unha Galicia mellor e con máis oportunidades para todos.

A grande concorrenza que hoxe se rexistra nesta celebración demostra que o esforzo dos organizadores desta festa e dos actos que nela se enmarcan van polo bo camiño, e por iso é de xustiza felicitar publicamente a cantos dun ou doutro xeito participan na organización desta cita, xa clásica no almanaque festeiro galego.

Que así sexa por moitos anos e que o disfrutemos todos coa ledicia que a ocasión merece.

A todos, moitas grazas.